



FERVENZAS DE ARANZA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2 km (ida e volta)

Dificultade: baixa (complicase se andamos polo leito do río)

Duración: 1 hora



No río Oitavén en Aranza (Soutomaioir).

O río forma un profundo canón en rochas graníticas onde se suceden pozas, rápidos e pequenos saltos. No inverno podemos velos con moita auga e no verán percorrer o río entre pozas nas que nos podemos dar un baño.

COMO CHEGAR:

Desde Soutomaioir cóllese a estrada que vai a Pontecaldelas e a tres quilómetros o desvío á dereita ata Aranza. Déixase o coche á entrada do lugar no primeiro cruce e cóllese pola esquerda (Rúa Nova) ata o final. Desde alí báixase ata o río por un carreiro que remata nun muíño. A ferverza máis alta atópase a carón do muíño. No verán pódese seguir o curso do río cara arriba e cara abaixo para ver outros saltos de menor tamaño.



Imaxes das ferverzas no verán

